



CONCELLO DE CEE

(A Coruña)

PRAZO DE INSCRICIÓN:
Do 20 de febreiro ó 1 de marzo no Rexistro Xeral do Concello: horario de
9.30 a 13.30 h.

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES "ENTROIDO 2017"

Para a celebración do concurso de disfraces para adultos do Entroido 2017 que organiza o Concello de Cee, establécense as seguintes BASES:

- ⇒ a) O prazo de inscrición das comparsas participantes (15 ou máis membros) estará aberto desde as 9.30 horas do **luns 20 de febreiro** ata as 13.30 horas do **mércores 1 de marzo**, agás os individuais e parellas que poderán facelo ata 15 minutos antes do comezo do desfile, tratando neste último caso de facilitar unha maior participación cidadá. No momento da **inscrición**, que terá lugar no Rexistro Xeral das oficinas municipais, as comparsas entregarán debidamente cuberto o modelo de solicitude de participación, que se achega como anexo ás presentes bases, e no que deberán facer constar o nome e enderezo do seu **representante**, xunto co C.I.F. e un número de conta bancaria no que ingresar o posible premio. Entregarán ademais a lista cuberta co nome e idades dos compoñentes da comparsa.
- ⇒ a.1) Idades dos participantes: no caso de individuais e parellas: **a partir de 12 anos**, mentres que as comparsas de adultos poderán incluír a nenos de todas as idades, se ben o número dos menores de 12 anos non excederá do 40% do total de compoñentes da comparsa.
- ⇒ b) A concentración de participantes terá lugar o **sábado 4 de marzo** de 2017 na Avda. Lino Rodríguez Madero (preto da Casa de Cultura). O desfile comezará ás 16.30 horas e percorrerá diferentes rúas da vila. Ó seu remate, os participantes dirixiranse ó Pavillón Polideportivo Municipal, no que terá lugar a actuación final do concurso.
- ⇒ c) A orde do desfile rexerese segundo a de inscrición; se ben por razóns técnicas a organización pode introducir as modificacións que considere oportunas. Iniciarán o desfile os individuais, parellas e a continuación as comparsas.
- ⇒ d) Toda comparsa que non acate as ordes da organización será descualificada.
- ⇒ e) O xurado, no que actuará como secretario o técnico de Cultura do Concello, será feito público polo Concello de Cee o xoves 2 de marzo xunto coa lista de



CONCELLO DE CEE

(A Coruña)

PRAZO DE INSCRIPCIÓN:
Do 20 de febreiro ó 1 de marzo no Rexistro Xeral do Concello: horario de
9.30 a 13.30 h.

comparsas participantes tanto no taboleiro municipal como na páxina web www.concellocee.es.

⇒ f) O xurado poderá declarar desertos algún ou todos os premios motivando para iso a súa resolución (art. 35 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

⇒ g.1) Criterios de avaliación para as categorías de individual, parellas e comparsas (sobre unha puntuación máxima de 10 puntos):

- participación e animosidade no desfile (2 puntos), calidade e caracterización dos disfraces (3 puntos) e finalmente a actuación no polideportivo (5 puntos).

- é importante subliñar que esta actuación no polideportivo contará cun tempo máximo de **20 minutos improrrogables no caso das comparsas** (5 minutos no caso de parellas e individuais), tendo en conta que por cada minuto que se exceda do tempo establecido restarase 0,5 puntos da puntuación obtida. No momento da inscrición, cada comparsa deberá entregar unha copia escrita do texto a escenificar.

⇒ g.2) Criterios de avaliación para a categoría de carrozas (sobre unha puntuación máxima de 10 puntos):

- o xurado valorará a creatividade (3 puntos), orixinalidade (3 puntos) e laboriosidade das mesmas (4 puntos).

⇒ h) Establécense os seguintes premios:

⇒ **Parellas e individuais:**

Premio Parellas: 90 €. **Premio Individual: 50 €.** No caso de terse presentado algún menor de idade de acordo co apartado a.1 destas bases e ter acadado o premio, este deberá ser acompañado polo pai, nai ou titor para poder recibilo.

⇒ **Comparsas:**

1º Premio : 750 € - 2º Premio: 600 € - 3º Premio: 500 €

4º Premio : 400 € - 5º Premio: 300 € - 6º Premio: 250 €

Comparsas clasificadas do 7º ó 9º posto, se as houbese,: 170 € cada unha



CONCELLO DE CEE

(A Coruña)

PRAZO DE INSCRIPCIÓN:
Do 20 de febreiro ó 1 de marzo no Rexistro Xeral do Concello: horario de
9.30 a 13.30 h.

⇒ **Carrozas:**

1º Premio : 450 € - 2º Premio: 350 € - 3º Premio: 250 €

⇒ i) Forma de pago: aquelas comparsas que pertencen á entidades/asociacións poderán recibir o premio en metálico. No caso de comparsas constituídas por **persoas físicas**, os premios de importe **superior a 300 €** entregaranse mediante transferencia bancaria, procedéndose á **retención** correspondente do I.R.P.F. **Independentemente da forma de pago cada comparsa presentará, no momento da inscrición, copia do C.I.F. e nº de conta bancaria.**

⇒ j) O importe máximo a outorgar non poderá superar a cantidade de 4.500 €, con cargo á partida 330/481.00 para premios e subvencións, correspondente ao orzamento xeral do Concello para o ano 2017.

⇒ k) As presentes bases serán publicadas no B.O.P., taboleiro de anuncios municipal e na web do concello: www.concellocee.es.

⇒ l) De acordo coa Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, crearase un ficheiro cos datos dos participantes co fin de garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

⇒ m) Os concursantes, polo propio feito da súa participación, aceptan en todos seus termos, as presentes bases.

Cee, 10 de xaneiro de 2017

A concelleira delegada

Asdo. María del Carmen Díaz Freire



CONCELLO DE CEE

(A Coruña)

PRAZO DE INSCRICIÓN:
Do 20 de febreiro ó 1 de marzo no Rexistro Xeral do Concello: horario de
9.30 a 13.30 h.

ANEXO

**FICHA DE INSCRICIÓN PARA O CONCURSO DO ENTROIDO.
SÁBADO 4 DE MARZO DE 2017
CATEGORÍA: INDIVIDUAL/PARELLAS**

NOME:

IDADE DO/S COMPOÑENTE/S:

NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE:

DNI. DO REPRESENTANTE:

ENDEREZO:

Nº TELÉFONO:



CONCELLO DE CEE

(A Coruña)

PRAZO DE INSCRICIÓN:
Do 20 de febreiro ó 1 de marzo no Rexistro Xeral do Concello: horario de
9.30 a 13.30 h.

ANEXO

**FICHA DE INSCRICIÓN PARA O CONCURSO DO ENTROIDO.
SÁBADO 4 DE MARZO DE 2017**

CATEGORÍA: COMPARSAS e CARROZAS

NOME DA COMPARSA:

Nº DE COMPOÑENTES:

PARTICIPA NA CATEGORIA DE CARROZAS: SI NON (subliñar o que
proceda)

EN CASO AFIRMATIVO, ESPECIFICAR TIPO E MEDIDAS:

C.I.F. DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE

DNI. DO REPRESENTANTE:

ENDEREZO:

Nº TELÉFONO:

Nº CONTA BANCARIA A NOME DO REPRESENTANTE OU DA AGRUPACIÓN:
(entregar no Concello, certificado do banco co nº de conta)



CONCELLO DE CEE

(A Coruña)

PRAZO DE INSCRICIÓN:

Do 20 de febreiro ó 1 de marzo no Rexistro Xeral do Concello: horario de
9.30 a 13.30 h.